

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: José Santiago Pozo Antonio	
Enderezo electrónico: ipozo@uvigo.es Teléfono: 98681 40 77	
Bienio	2022-2024
Número de participantes (máx. 4)	4

Título

AVALIANDO O ESTADO E CONSERVANDO O STREET ART DA TÚA ZONA

Resumo

Este proxecto busca que o alumnado coñeza os materiais que constitúen os paneis e as pinturas que adornan as fachadas e paredes dos edificios da súa vila ou cidade. O *street art* é unha recente tendencia artística que permite que materiais colorantes empregados anteriormente para realizar pintadas vandálicas se empreguen para crear obras de arte que como tales teñen que ser conservadas e restauradas. Desta maneira é moi importante coñecer a natureza das pinturas (pinturas acrílicas, *graffitis*, etc.) e dos soportes nos que se aplican (formigón, rochas, metais, etc.). Ademais de coñecer a deterioración destes materiais, este proxecto tamén se centrará nas medidas de conservación que haberá que avaliar para cada condición específica como capas protectoras.

Obxectivo

Coñecer o arte urbano que se atopa na súa contorna
Coñecer dende un punto de vista físico e químico as pinturas dos murais
Adquirir coñecementos sobre a influencia dos factores físicos e bióticos da contorna nestas obras de arte.

Plan de traballo

1. Identificación das obras de arte pertencentes ao *street art*. Realizarase unha caracterización do interese de cada obra e realizaranse entrevistas con artistas para coñecer as súas inquiredanzas.
2. Identificación dos principais materiais empregados: pinturas e soportes.
3. Formación acerca das metodoloxías de avaliación de obras de arte dende un punto de vista científico.
4. Traballo de laboratorio para realizar envellecementos acelerados das mostras reproducidas no laboratorio en función do observado nas cidades.